



AO FARO

RUTA LITERARIA POLA COSTA DE MERA

ACOMPANÑADOS DA ESCRITORA SILVIA SALGADO



venres, 22 de abril, ás 10,30 horas

**PARTIRASE DA BIBLIOTECA MUNICIPAL
M.ª JOSÉ TRINCADO DE MERA**

Camiñarase polo paseo marítimo e pola costa, con paradas e lecturas en voz alta e comentadas, ata chegar aos faros de Mera.

Aforo limitado a 15 persoas. Imprescindible reservar praza na biblioteca Rialeda ou chamando por teléfono ao 981639511.

Actividade dirixida a persoas ás que lles guste camiñar, con inquietudes pola literatura e a fotografía, principalmente pola que xira en torno a un faro.

Falarase de literatura e de fotografía:

Do diálogo que se pode establecer entre esas dúas disciplinas artísticas e tamén de como a literatura nos achega dunha maneira particular a unha obra e ao mundo nela contido.

Da beleza da paisaxe e o seu protagonismo en moitas historias.

Camiñaremos e lembrarémonos de Sofía Casanova.

Da fascinación artística que sentiron, en direccións opostas, algúns escritores e escritoras.

Do proceso de creación da súa obra *Si te vuelves invierno*, na que ten moita importancia a localidade de Mera.

Leranse fragmentos e poemas de:

Vicente Risco (*Da medida das cousas*, publicado en Leria).

Sofía Casanova (*Quiero Galicia en tu adorado seno*, do poema Anhelos)

Celso Emilio Ferreiro (*Longa noite de pedra*)

Virginia Wolf (*Al faro*)

Edgar Allan Poe (*El faro*)

Ray Bradbury (*La sirena en la niebla*)

Jazmina Barrera (*Cuaderno de faros*)

Jeanette Winterson (*La niña del faro*)



Silvia Salgado é veciña do municipio de Oleiros, licenciada en Ciencias políticas pola UAB. Ten un posgrado en Xornalismo acreditado pola Universidade Columbia de Nova York. Compaxinou o seu traballo en comunicación e recursos humanos coa súa paixón pola escritura. Obras dela publicadas son: *Si te vuelves invierno*, *Mientras hilan las mariposas*, *La aldea* e *El intermedio que somos* e o conto infantil *Cuéntame un cuento, yo te lo pinto*.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir, ata completar o aforo, para que gocen coa palabra e coa paisaxe desta fermosa localidade.

Acompañádenos! Agardámosvos!